

TEATRO

## Helen Keller

EN NARÓN

MÚSICA

## Luizga + Susana Trasvassos

NA FUNDAÇOM ARTÁBRIA

# Abraham Cupreiro

NO AUDITORIO DE FERROL



# Zavala

Son un dos grupos protagonistas da renovación da música galega. Zavala parte do tradicional para afondar noutros estilos desde a electrónica ao rap, coa marca da casa da voz excepcional de Carla Romalde. Veñen de publicar o seu segundo disco, *Pequeno manual para grandes cambios II*, que presentan o día 17 en Canido. Falamos co seu compositor, Víctor Ledo.

**TEXTO:** Nicolás Vidal | **FOTO:** Charo Rori

**Aí. Vides de publicar a segunda parte de *Pequeno manual para grandes cambios*, outras 14 cancións na liña do primeiro, ou cambia algo?**

**VL.** Os temas estaban compostos case á par pero estruturámoslos en dúas partes e neste, por exemplo, colaboran as cantareiras das Atalaias de Caión de Ortigueira, pero o son e as temáticas seguen a ser puro Zavala.

**Aí. Partindo do tradicional e a electrónica, tedes un son moi variado. Non rexeitades nada?**

**VL.** Somos moi eclécticos e buscamos un son moi persoal. Pero a nosa máxima como grupo e traballalo todo en función da canción, o que pida xa sexa tradicional, electrónica, pop ou rap, que tamén nos gusta. Buscamos un son moi persoal que xira ao redor da voz de Carla Romalde. Ter unha cantante así dámos moitas posibilidades e versatilidade estilística. Logo é certo que cada un temos o noso papel no grupo, complementámonos moi ben.

**Aí. Nas vosas temáticas xústanse o sentimental, social e a querencia por lugares, desde *O Barqueiro, Ortigueira, etc.***

**VL.** Si, pero cando falamos de lugares físicos, que nos encantan como Ortigueira, O Barqueiro, Santa Cruz, etc., falamos das persoas que os habitan. As referencias a lugares son unha constante na música popular. E así, por exemplo, comezamos a colaborar coas cantareiras de Atalaias de Caión, que son estupendas e coas que xa tocamos e tocaremos en máis concertos da nosa xira, na que levamos embarcados desde comezos de ano e leva por nome “+ lume e + ferro!”.

**Aí. É certo que Zavala naceu de casualidade, grazas a unha oposición de ensino?**

**VL.** Algo diso hai. Eu estaba nun tribunal, case todos somos profes de música, ao que se presentou Carla e a a todos nos encantou. Quedeime co seu recordo pero meses despois chameina para participar no proxecto que estaba a nacer e encantoulle. Como curiosidade

nun dos temas deste disco, “Antebelum”, soa tal cal unha voz que me enviou nesa época inicial, no tempo da pandemia, polo teléfono móbil.

**Aí. Ademais de prolíficos tedes xa planificado o traballo para os próximos... tres discos!**

**VL.** Si, hai temas feitos, outros a medio facer e outras ideas que temos que traballar, pero a planificación xeral está feita. Como nos gusta ser versátiles cada disco terá as súas características dentro do estilo Zavala porque non nos gusta repetirnos. Por exemplo un deles chamarase “Lume” en el terán máis espazo os temas de maior reivindicación e compromiso social, que xa facemos ás veces pero aquí de xeito máis central.

**Aí. Aínda que non todos sodes de Ferrol, considerades a cidade como a vosa base, non?**

**VL.** Si, Carla é de aquí e tamén o noso selo discográfico, Ferror Records, que nos trata de marabilla. Estamos na casa.

**Aí. Tamén estades ampliando o voso espazo de proxección musical e participades na**



## **“TODO O NOSO TRABALLO ESTÁ AO SERVIZO DAS CANCIÓNS”**

**música de algún proxecto audiovisual.**

**VL.** Efectivamente, poñemos música nun documental de Marisa Moreda, “Adeus vista dos meus ollos”, co tema “Santa Cruz” que aparece neste segundo disco. O filme trata sobre os rapaces migrantes e os seus problemas, un tema que nos preocupa e que ogallá teña visibilidade con traballos audiovisuais como este. Pero non será este o único no que poñamos música, xa temos outra proposta en marcha.

**AÍ. O voso ritmo de traballo é**

**grande. Cal e o obxectivo de Zavala como banda?**

**VL.** Pois seguimos compoñendo cancións e actuando. De momento estamos a mellorar o noso material e equipos e vendo a evolución que imos tendo. O obxectivo final sería profesionalizarse, poder vivir disto pero non é fácil. Aínda así a nosa evolución vai a máis, aumentan os concertos e o interese da xente, iso vaise notando.

**AÍ. Actuastes fóra de Galicia?**

**VL.** Sí, xa tocamos en Asturias, por exemplo. De feito en Xixón xa temos fans, fixemos unha

das nosas mellores actuacións. Había xente que nos dixo que fora ao concerto por casualidade ou curiosidade e saíra encantada, dixéronnos que non se esperaban semellantes sensacións.

Sería estupendo poder seguir actuando en máis lugares de fóra de Galicia.

**AÍ. A prensa séguelos a preguntar que por que cantades en galego?**

**VL.** Pois si, é un pouco raro a estas alturas, pero vaia, a ver se en pouco tempo é un tema que non provoca ningún tipo de curiosidade ou estrañeza. Para nós desde o principio foi natural compoñer e cantar en galego. Ademais, polo que vimos fóra de Galicia non hai ningún problema.

PROGRAMACIÓN  
**2025**



**MAIO**

V 15 20:30 HORAS

TEATRO

TEATRO DEL TEMPLO

**BODAS DE SANGRE**

S 17 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO

GRUPO TEATRO

**A CINCENTA QUE  
NON QUERÍA COMER  
PERDICES**

V 23 20:30 HORAS

S 24 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO

GRUPO CHEVERE

**HELLEN KELLER,  
A MULLER  
MARABILLA?**



**PAZO DA CULTURA**  
Concello de Narón

**03** sábado

20.30 H

## A PEDREIRA

**Música**

TEATRO JOFRE (FERROL)

DE BALDE



**A BANDA LIDERADA POR UGÍA PEDREIRA PRESENTA *BASAL*, O SEU SEGUNDO DISCO, COMO PARTE DO PROGRAMA DAS LETRAS GALEGAS.**

A Pedreira sube ás táboas cunha atractiva proposta que mistura tradición e contemporaneidade. Veñen de sacar á rúa un novo traballo discográfico que parte da raíz tradicional para experimentar co pop, o rock, o techno e incluso a rancheira e o fado. O disco, composto por oito temas, é o segundo da banda, tras os éxitos acadados no se debut con Segmento Cantábrico. *Basal* está co-producido por Guadi Galego e Arturo Vaquero.

**08** xoves

20.30 H

## DEMO RUMUDO

**Música**

CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER (FERROL)

3 €

**JAZZ FUSIÓN E ROCK PROGRESIVO NAS MANS DA BANDA FERROLÁ, QUE OFRECE UN CONCERTO INCLUÍDO NO CICLO XOVES NA CAPELA.**

Demo Rumudo quiere demostrar que o jazz é unha gran fonte de misturas musicais, na que encaixan dende os fans do jazz máis tradicional ata un público máis novo seguidor do novo rock. O grupo está composto por Lucas Rousset (corneta), Álvaro Fernández (saxo alto), Hugo Martsan (teclados), Gabriel Visinel Sima (guitarra), Ángel Rodríguez (batería) e Andrés Real López (baixo).

**09** venres

20.30 H

## BODAS DE SANGRE

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

14 €



**TODO EMPEZOU CUNHA VODA Á QUE A NOIVA NON ACUDIU. TEATRO DEL TEMPLE REPRESENTA A OBRA DE GARCÍA LORCA, BAIXO A DIRECCIÓN DE CARLOS MARTÍN.**

*Bodas de sangre* é unha obra sobre paixóns, amor, sufrimento, vinganza, medo e ata odio. O resultado de misturar todas estas emocións é unha conmovedora traxedia que reflicte perfectamente a idea lorquiana de que aos seus personaxes teñen que vérselles “os ósos e o sangue”.

Baseada nun suceso real, que sucedeu en Almería en 1928, narra a historia dunha noiva que non chegou á súa voda, pero que apareceu a carón do cadáver dun dos seus curmáns co vestido rachado. Un drama inesperado que Lorca converteu nunha das traxedias de amor máis conmovedoras da época.

Teatro del Temple sube ao escenario a Irene Alquézar, Minerva Arbués, Jacobo Castanera, Alba Gallego, Félix Martín, Lucas Casanova e Claudia Siba para “facer un *Bodas de sangre* sen referencias costumistas nin de época, senón dende a beleza atemporal que nos suxire a poética de Lorca”.

**10** sábado


20.30 H

# SÍLVIA & SALVADOR

**Música**

AUDITORIO (FERROL)

40/35 €



**SÍLVIA PÉREZ CRUZ E SALVADOR SOBRAL XUNTAN OS SEUS TALENTOS E SACAN ESTE DISCO, UN PROXECTO CO QUE CELEBRAN AMIZADES E INSPIRACIÓNS COMÚNS.**

Ela ten unha das mellores voces do panorama nacional. El é un artista singular, moi vinculado ao jazz. Agora xúntanse para sacar un disco co que festexan a amizade, levándoa tamén o plano creativo. Compositores próximos a Silvia e Salvador, como Jorge Drexler, Luísa Sobral ou Lau Noah, crearon os temas deste álbum.

**11** domingo

12.30 H

# CASTELAO

**Infantil**

TEATRO JOFRE (FERROL)

3 €




**FINA CALLEJA DIRIXE ESTA OBRA INFANTIL, PROTAGONIZADA POR UN CASTELAO DE OITO ANOS, CON TEXTO DE PAULA CARBALLEIRA, E MÓNICA CAMAÑO E CRIS COLLAZO EN ESCENA.**

Castelao é un espectáculo que trata, a través de xogos e trucos do teatro, sobre a vida dun Castelao moi novo, divertido, feliz e aventureiro. A tensión dramática céntrase nunha persecución polas rúas de Rianxo, a súa vila natal, nas horas previas á partida cara a Arxentina xunto a súa nai. A intención do equipo creativo é presentar a figura do autor, debuxante, dramaturgo, humorista e pensador ás novas xeracións do teatro galego.

edicións embora

## Manolo González **O cineísta andarengo**

**A propósito de Bernardino de Lamas**



01KM  
24H.  
MARCHA/MTB



27.09.25

A GRAN  
PROBA DE  
**ULTRAFONDO**  
DO NOROESTE



Inscrições: [www.emesports.es](http://www.emesports.es)



**11** domingo

18.00 H

# UN CORAZÓN Á INTEMPERIE

**Infantil**

C.C. MANUELA PÉREZ SEQUEIRO (NARÓN)



**A COMPANHÍA FANTOCHES BAJ PRESENTA ESTA PEZA NA QUE O DRAMATURGO VARELA BUXÁN DEBULLA A VIDA DE CASTELAO AOS NENOS.**

Castelao, un corazón á intemperie detense nalgúns dos momentos literarios e artísticos máis significativos da vida de Castelao. Así, Varela Buxán, apoiándose en diferentes técnicas escénicas, contará “O pai de Migueliño” a través de viñetas a modo del Kamishibai; para “Peito de Lobo” usará un cabezudo, ou para Os vellois non deben de namorarse, títeres. Todo cunha linguaxe adaptada a un público infantil a partir de seis anos.

**17** sábado

20.30 H

# MILLADOIRO

**Música**

TEATRO JOFRE (FERROL)

14/16/18 €



**O GRUPO REFERENTE DO FOLK CELEBRA 45 ANOS SOBRE AS TÁBOAS CUN CONCERTO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS..**

Corenta e cinco anos levando a súa música a escenarios de todo o mundo, case unha trintena de discos, centos de cancións e unha boa chea de premios, entre os que destacan un Goya á mellor banda sonora, Premio da Música en 2000, a medalla Castelao ou a medalla de Galicia, entre outros.

**Tu tienda de música en FERROL**




C/ Magdalena, 31 Bajo  
15402 FERROL - A Coruña  
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453  
e-mail: info@clefmusic.es

[www.clefmusic.es](http://www.clefmusic.es)



# 17 MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS DEDICADO ÁS CANTAREIRAS



QUE SOE  
A NOSA  
LINGUA!



XUNTA  
DE GALICIA

Grazas Adolfin, Rosa, Eva e As Pandeiroteiras de Mens,  
porque sen vós, hoxe non seríamos nós.

**17 sábado**


**20.00 H**

# A CINCENTA DE SARABELA

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9' 5 €



**A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDIGES CONTA A HISTORIA ESCRITA POR NUNILA LÓPEZ SALMERO, QUE ROMPE COS ESTEREOTIPOS DAS PRINCESAS SALVADAS POLOS PRÍNCIPES.**

Sarabela Teatro pon en escena esta obra dirixida ao público máis novo que trata de desmontar os falsos mitos ao redor do amor romántico, para falar de tantas historias de princesas liberadas por príncipes azuis que, en demasiados casos, saen ras. É un conto moderno que revisa con humor o papel que desempeñou a muller durante moito tempo, un alegato que defende a liberdade de ser quen unha queira ser e como unha queira ser.

“A peza pon en cuestión o papel que xogaron na historia os contos de fadas, nos que se acaba por promover o rol das nenas como entes pasivos, agardando a que lles pidan a man”, din dende a compañía.

Baixo a dirección de Fina Calleja, responsable da dramaturxia xunto a Nate Borrajo, sube ás táboas un elenco formado por Fernando Dacosta, Sabela Gago e Elena Seijo.

**17 sábado**

**23.00 H**

# LERIA

**Música**

SALA GUIÓN (PONTEDEUME)

**O CUARTETO CORUÑÉS DE MÚSICA INDIE EN GALEGO PRESENTA EN PONTEDEUME OS TEMAS DE MARUXÍA, O SEU PRIMEIRO DISCO.**

Inspiradas pola música de bandas como Love of lesbian, Vetusta Morla o Miss Cafeína, Leria presenta o seu repertorio, a maioría formado por temas propios que abarcan dende odas á alegría ata temas máis descarados e atrevidos. Unha aposta polo indie-pop en galego con letras e música moi coidadas.

**18 domingo**

**19.00 H**

# ROSA CEDRÓN

**Música**

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



**CONCERTO DA VOCALISTA E VIOLONCELLISTA GALEGA DE VOZ INCONFUNDIBLE, QUE EVOLUCIONOU DENDE O CLÁSICO AO FOLK E DE AÍ Á WORLD MUSIC DOS SEUS ÚLTIMOS DISCOS.**

Tras unha carreira que iniciou coa música clásica e instrumental, foi derivando a súa traxectoria como cantante durante máis de vinte anos. A ex integrante de Luar na Lubre, iniciou a súa carreira en solitario. Convertida nun referente da cultura galega, o seu último traballo, *Nómade*, é unha viaxe sonora ata a expresión máis moderna da súa evolución artística.

*Mereces*  
 **ELIXIR.**

---

**GADIS**

**23-24** venres-sábado 20.30 H

## HELEN KELLER

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9'5 €



**CHÉVERE CONFRONTA NESTA OBRA DE TEATRO DOCUMENTAL O MITO SOBRE HELEN KELLER COMO MODELO DE SUPERACIÓN CO PENSAMENTO RADICAL DESTA MULLER.**

Todo comeza ao descubrir unha muller, totalmente descoñecida para a compañía, chamada Helen Keller. Nacida nun pobo de Alabama, converteuse nunha celebridade mundial ao ser a primeira persoa xordocega que obtivo un título universitario despois dun duro proceso de aprendizaxe desde os sete anos. Polo que se sabe, a maioría dos seus escritos acabaron rescatados como simples aforismos motivacionais. Pero Chévere descubriu outras facetas da súa vida que son ocultadas: formou parte do Partido Socialista Americano e do sindicato revolucionario Industrial Workers of the World; é unha sufragista militante; é unha activista contra a I Guerra Mundial; percorre Estados Unidos de costa a costa actuando no principal circuíto de vodevil; algún dos seus libros é queimado polos nazis no 1933; posiciónase contra a guerra atómica e contra o apartheid... Pero o máis sorprendente é que nos últimos anos espállase polas redes sociais unha campaña que nega os logros de Helen Keller, incluíndo unha petición en charge.org para eliminala da historia.

**19-21** luns a mércores 19.00 H

## PINTS OF SCIENCE

**Festival**

VARIAS UBICACIÓNS (FERROL)

O Festival Pint Of Science é un evento internacional que convida aos investigadores a compartir os seus coñecementos no ambiente distendido dun bar. Tres deles acolleran dúas horas de charla (e cervexas) sobre enxeñería e linguaxe (o día 19 no Cuerda Floja), fabricación avanzada e sostibilidade (o día 20 no Monique Coffee) e sobre o estudo do auga para comprender o pasado e predecir o futuro (o día 21 no Kiwi).

**23** venres 20.30 H

## EL GABINETE DEL DOCTOR CALIGARI

**Cineconcerto**

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



**UNHA PELÍCULA DE TERROR GÓTICO E ESTILO VISUAL ESCURO, A XOIA DO EXPRESIONISMO ALEMÁN, CON MÚSICA AMBIENTAL EN DIRECTO.**

A película, dirixida por Robert Wiene en 1920, conta a historia dun hipnotista tolo que usa a un somnábulo para cometer asasinatos. Para a crítica é o primeiro filme de terror da historia. A artista Elías Pérez (Caliza) ofrece unha banda sonora interpretada con sintetizador, samples, voces distorsionadas e gravacións de campo no límites entre música e os efectos de son.

**24 sábado** 23.30 H

## UKESTRA DO MEDIO

### Música

SALA LA ROOM (FERROL)

#### A REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO PROGRAMA ESTE CONCERTO SINGULAR.

A Ukestra do medio é unha proposta orixinal e chea de frescura que alberga influencias de rock'nroll, country, swing, pop e surf. Ademais das voces, o caixón e os distintos tipos de ukeleles: sopranos, tenores, barítonos e baixos, incorporan a pandeireta, a táboa de lavar, o güiro, o xilófono, o oviño shaker, o vibraslap ou a cuica. Un compendio de instrumentos miúdos a través dos cales marcan o ritmo de pequenas historias sobre o amor, as expectativas truncadas ou os tempos pasados. Letras graves, ás veces, que contrastan coa frescura do son dos ukeleles.

**25 domingo** 19.00 H

## ABRAHAM CUPEIRO

### Música

AUDITORIO DE FERROL

26 €



#### LOIRA, O NOVO ESPECTÁCULO (E DISCO) DE ABRAHAM CUPEIRO É MESTIZO COMO A SÚA CADELA: UNHA SELECCIÓN DE TEMAS QUE O MÚSICO TIÑA NUN CAIXÓN DESDE HAI ANOS.

Construtor e multiinstrumentista, o que caracteriza a Abraham Cupeiro é a recuperación de instrumentos perdidos no tempo para crear novas sonoridades e imbricalos en músicas alleas a eles. Loira é un álbum de temas moi diversos que pasan “da euforia ao recollemento”. No show estará acompañado doutros seis músicos: Davide Salvado e Matthew Ward (voces), Sabela Caamaño (acordeón), Cibrán Seixo (violín), Alba Barreiro (arpa) e Antonio Cienfuegos (contrabaixo).

## XXIX Concurso de Humor Gráfico e Caricatura CURUXA DO HUMOR 2025

MUSEO DO HUMOR  
XAQUÍN MARÍN  
(FENE, A CORUÑA)

5000 € EN PREMIOS  
Bases publicadas en [www.fene.gal](http://www.fene.gal)



**CAT. CURUXA**  
(MAIORES DE 25 ANOS)  
1º Premio: 2.000 euros e diploma  
2º Premio: 1.000 euros e diploma

**CAT. CURUXA NOVA**  
(DE 16 A 25 ANOS)  
1º Premio: 500 euros e diploma

**CAT. CARICATURA**  
(MAIORES DE 16 ANOS)  
1º Premio: 1.500 euros e diploma





3  
MAI

**Basal**  
A Pedreira  
Jofre | 20.30h | Gratuito  
*Anima Mundi*



8  
MAI

**Demo Rumudo**  
Torreña Ballester | 20.30h  
3 €  
*Os Xerros da Capela*



10  
MAI

ENTRADAS ESGOTADAS

**Silvia & Salvador**  
Silvia Pérez Cruz e  
Salvador Sobral  
Auditorio | 20.30h | Desde 29 €  
*Anima Mundi*



11  
MAI

**Castela**  
Culturactiva Producións  
Jofre | 12.30h | 3 €  
*Cielo Ighani*



15  
MAI

**Orquestra Sinfónica de Galicia**  
Sociedade Filarmónica Ferrolana  
Auditorio | 20.30h | 16 €  
(socios 5€)  
*Clasen*



16  
MAI

**Cancións amarelas, flores tristes**  
Manekineko  
Jofre | 20.30h | 5 €  
*Teatro*



17  
MAI

**Gira 45 Aniversario**  
Milladoiro  
Jofre | 20.30h | Desde 14 €  
*Anima Mundi*



18  
MAI

**Rosa Cedrón**  
Jofre | 19.00h | 8 €  
*Anima Mundi*



23  
MAI

**El Gabinete del Doctor Caligari**  
Caliza  
Jofre | 20.30h | 8 €  
*Concerto*



25  
MAI

**Loira**  
Abraham Capelo  
Auditorio | 19.00h | Desde 16€  
*Anima Mundi*



30  
MAI

**Real Filharmonía de Galicia**  
Sociedade Filarmónica Ferrolana  
Auditorio | 20.30h | 16 €  
(socios 5€)  
*Clasen*



31  
MAI

**Poncia**  
Lolita Flores  
Jofre | 20.30h | Desde 12 €  
*Teatro*



**30** venres

20.30 H

**REAL FILHARMONIA DE GALICIA****Música**

AUDITORIO DE FERROL

16 €

**A MEZZOSOPRANO MARIE-CLAUDE CHAPPUIS  
SERÁ A SOLISTA DO ÚLTIMO CONCERTO DA  
ORQUESTRA COMPOSTELA ESTA TEMPADA.**

Miguel Matamoros é un dos compositores da nova xeración galega interesado na procura de conexións entre posibilidades sonoras non exploradas. *Endurance*, encarga da Real Filharmonía de Galicia, inspírase na historia épica dunha travesía mariña ao límite. A sesión complétase coa interpretación de *Les Nuits d'été*, de Berlioz, e a mítica Quinta Sinfonía de Beethoven. Dirixirá a orquestra Baldur Brönnimann.

**31** sábado

23.00 H

**AIRU****Música**

GUIÓN CLUBE (PONTEDEUME)

11 €

**SENTIMENTALISMO, MELODÍAS PEGADIZAS E  
UNHA PROFUNDA VOZ SON OS TRES PIARES  
DESTA BANDA BILBAÍNA DE INDIE POP.**

Tras ser seleccionada unha das súas integrantes como artista Keychange en 2022, e o seu paso por festivais recoñecidos como o Waves Vienna, lanzaron o seu primeiro LP, "Con lo bueno y con pena". Hoxe son unha das bandas referentes do panorama alternativo euskaldun, e parte do cartel de festivais como o Bilbao BBK Live, Sound Isidro e os estadounidenses New Colossus e New New Festival.

**31** sábado

20.30 H

**PONCIA****Teatro**

TEATRO JOFRE (FERROL)

15 €

**LOLITA FLORES INTERPRETA EN SOLITARIO O  
TEXTO ESCRITO E DIRIXIDO POR LUIS LUQUE  
A PARTIR DA OBRA DE LORCA LA CASA DE  
BERNARDA ALBA.**

Escrita a partir das intervencións do personaxe de Poncia na obra de Lorca, este monólogo actoral abriu o ano pasado o Festival Singular de Narón. Dentro dunha tormenta de néboa, Poncia, a criada de Bernarda Alba, reza pola morte de Adela. Poncia fala soa e tamén con Bernarda Alba e as súas fillas. Nesta peza escoitamos a voz da criada para iluminar os recunchos da obra do autor granadino. A lingua de Poncia desátase nun lugar e nun tempo prohibidos para as palabras. Poncia axusta contas coas habitantes que sobreviven dentro da casa. Poncia fala de suicidio, de liberdade, de culpa, de clase, de educación, de sexo e fálaos con toda a forza da voz que foi maltratada e calada. Luque rescata as intervencións de Poncia e transfórmaas en reflexión, en soliloquios, en diálogos con pantasmas e sombras.

ESTREA: VENRES 23 | PRESENTACIÓN E COLOQUIO: DOMINGO 25 ÁS 17:30



# ANTES DE NÓS

## Ángeles Huerta: notas da directora

**1.** Hai momentos na vida dun ser humano que, no tempo no que son vividos, percíbense como intrascendentes.

Como un instante máis no devir aparentemente infinito de instantes que configura a existencia. Porén, observados na distancia, eses momentos poden revelar a densidade e o cariz dunha vida enteira.

**2.** Antes de nós non é un biopic. Non aspira a relatar a vida completa dun home, e moito menos a glosar a traxectoria dun político. Antes de nós é unha historia sobre Castelao antes de ser Castelao, pero sobre todo sobre Daniel e Virxinia antes de seren Daniel e Virxinia. Porque sen ese “nós”, o Castelao que hoxe coñecemos probablemente nunca tería existido.

**3.** As peripecias vitais da parella durante a gripe de 1918 e durante a súa viaxe a Bretaña no ano 29 son puntos

de inflexión na vida de ambos. Momentos dese continuo baile de distanciamento e reunión entre Daniel e Virxinia.

E precisamente por iso, son tamén momentos de crecemento de Castelao, como artista e como persoa, que configúranos como político.

**4.** Na película non hai unha progresión liñal entre estes dous instantes, senón que ambos bailan, como os seus protagonistas, movidos por sensacións que son en si mesmas premisas da película. Non hai unha estrutura de causas e consecuencias, hai pontes tendidas por emocións cuxo calado só se entende nesa ilusión de simultaneidade dos tempos.

**5.** A terrible epidemia do 18 coloca a Castelao en primeira liña de defensa do vulnerable, mais tamén na vangarda

da oposición ao poder caciquil. Esa exposición total á extrema fragilidade do humano reconcíliao co seu papel de esposo e pai, ao tempo que o achega a realidades artísticas alleas á vida burguesa de Pontevedra. Esperta a súa paixón polas formas da arte popular, que rematarían por constituír a base dunha arte de vangarda especificamente galega.

**6.** A viaxe do 29 é, no artístico, unha viaxe para converter en certezas o que no 18 non eran máis que intuicións. No persoal, unha viaxe de dó e reconstrución. Unha parella esnaquizada que remata por atopar no seu compromiso político con Galicia a razón para seguir adiante. E, con todo, hai algo máis político que a construción dunha relación de parella entre dous seres humanos?

Atalante (dossier de prensa)



# Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

**MAR 6 ÁS 20:00**

## LA HISTORIA DE JIM

Arnaud Larrieu, Jean Marie Larrieu

2024 | FRANCIA | 103' | FRANCÉS | +12



Aymeric atópase con Florence, unha antiga compañeira de traballo, que está embarazada e é solteira. Cando dá a luz a Jim, Aymeric está alí. Pasan xuntos uns anos felices ata que aparece o pai biolóxico de Jim.

**Xixón 2025 (Premio do Público)**

“Unha modélica adaptación literaria que é unha odisea emocional” Cinemanía

**MAR 13 ÁS 20:00**

## UN HOMBRE LIBRE

Laura Hojman

2024 | ESPAÑA | 88' | ESPAÑOL | +7



Explora a vida e obra de Agustín Gómez Arcos, o escritor español exiliado que alcanzou gran éxito na literatura francesa dos anos 70, mentres o seu nome permanecía silenciado en España. A súa obra, traducida a máis de doce idiomas, convida a reflexionar sobre a historia recente do noso país a través dos relatos perdidos.

**Sevilla 2024 (candidata a Mellor Filme)**

“Un rebelde con causa que, por fin, con este documental, ocupa o lugar que merece” Cineuropa

**MAR 20 ÁS 20:00**

## LOS REINOS

Manuel Muñoz

2024 | HONDURAS | 70' | ESPAÑOL



Manuel e a súa parella Sofía recrean momentos da súa convivencia xogando a actuar de si mesmos. Coma unha voz do máis alá, Marlon narra a historia da súa inminente separación. Tegucigalpa, Bos Aires e Hamburgo son os escenarios da súa despedida.

**Premio LATEXOS no Festival Novos Cinemas de Pontevedra na súa edición de 2024.**

**PRESENTACIÓN E COLOQUIO COA PRESENZA DO DIRECTOR**

# Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.

CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

**DOMINGO 4**

## EL CIRCO

Charles Chaplin

1928 | EUA | 72' | TP

Último filme mudo de Chaplin. O vagabundo Charlot viaxa cun circo ambulante e namora dunha muller xinete que está namorada do musculoso trapecionista. Mentres tanto, sucédennlle mil e unha peripecias.

“Non hai nin un momento aburrido de principio a fin” Empire



**09 MAIO**

**TAMBIÉN ESTO PASARÁ**

**Maria Ripoll**

2025 | ESPAÑA | 96' | ESPAÑOL



Buscando superar a recente perda da súa nai, Blanca refúxiase na casa familiar de Cadaqués para pasar o verán xunto á súa familia e amigos. Entre copas de viño, saídas en barco e encontros cos seus amantes, Blanca aprenderá a quedarse coa lembranza do vivido e o moito aprendido.

**Málaga 2025**

“Unha daptación fiel ao espírito da prosa de Milena Busquets.” *Mundo Cine*

**UNA QUINTA PORTUGUESA**

**Avelina Prat**

2024 | ESPAÑA | 114' | ESPAÑOL | TP



A desaparición da súa muller deixa a Fernando, un tranquilo profesor de xeografía, completamente devastado. Sen rumbo, suplanta a identidade doutro home como xardineiro dunha quinta portuguesa, onde establece unha inesperada amizade coa dona, penetrando nunha nova vida que non lle pertence.

**Málaga 2025 (sección oficial)**

“María de Medeiros, fantástica no seu papel. Manolo Solo brilla nun traballo tan emotivo como preciso.” *Cadena Ser*

**13 MAIO**

**THE SLEEPER. EL CARAVAGGIO PERDIDO**

**Álvaro Longoria**

2025 | ESPAÑA | 75' | ESPAÑOL | TP



Documental sobre un ‘Ecce Homo’ perdido de Caravaggio. Sen saber que era do xenio italiano, unha familia madrileña sácao a poxa por 1.500 euros. Tras ser recoñecido por expertos, desátase a tolemia por tentar adquirilo.

**16 MAIO**

**JANE AUSTEN ARRUINÓ MI VIDA**

**Laura Piani**

2025 | FRANCIA | 94' | FRANCÉS



Agathe, que se atopa nun desesperado estado de solteiría, ten a oportunidade de realizar o soño de converterse en novelista cando é convidada á Residencia de Escritores Jane Austen en Inglaterra.

“Unha deliciosa comedia romántica moderna” *Variety*

**ALMUDENA**

**Azucena Rodríguez**

2024 | ESPAÑA | 80' | ESPAÑOL



Coas súas propias palabras, ao longo dos anos, Almudena

Grandes conta a súa maneira de ver o mundo.

O anhelado deste filme é celebrar a súa vida e obra para manter viva a memoria.

**Málaga 2025 (pase especial)**

**23 MAIO**

**ANTES DE NÓS**

**Ángeles Huerta**

2025 | ESPAÑA | 84' | GALEGO

**PASE CO EQUIPO DO FILME O**

**DOMINGO 25 DE MAIO ÁS 17:30**



Dous intres na vida de Castelao e a súa muller Virxinia: durante a gripe española (1918) e a viaxe a Bretaña despois da morte do seu fillo (1929).

Castelao antes de ser Castelao. Galicia antes da “xeración Nós”, Castelao e Virxinia antes de ser “nós”.

**LOS TORTUGA**

**Belén Funes**

2025 | ESPAÑA | 110' | ESPAÑOL | +12



Delia e a súa filla Anabel afrontan de forma moi distinta o dó polo pai. Entre os campos de oliveiras de Jaén e as rúas de Barcelona, as dúas mulleres enfrontaranse á incerteza do seu futuro facendo equilibrios entre o amor e a dor, a tenrura e a dureza.

**Toronto 2024 (preestrea)**

“Deslumbrante confirmación de Belén Funes” *El mundo*

**30 MAIO**  
**EL JOCKEY**  
**Luis Ortega**

2024 | ARXENTINA | 96' | ESPAÑOL



Remo Manfredini é unha lenda das carreiras de cabalos, pero o seu comportamento autodestructivo empeza a eclipsar o seu talento e a ameazar a súa relación con Abril, xinete e parella de Remo.

**Venecia 2024 (candidata a Mellor Filme)**

“Poucas voces como a de Ortega tan identificable, libre e completamente imprevisible.” *El Mundo*

**DUPLEX Presenta**  
**MAR 8 ÁS 20:00**

**A FOREIGN SONG**  
**César Souto Vilanova**  
**COA PRESENZA DO DIRECTOR**

2022 | ESPAÑA | 83' | INGLÉS | TP



O poeta modernista Wallace Stevens cría profundamente que a poesía non é algo persoal. Na cidade do diñeiro, voces sen rostro len fragmentos das súas cartas. El mesmo recita os seus poemas. Un paxaro de plumas douradas canta unha canción.

**Xixón 2022 (Mellor Filme Español)**

# Tempada de Ópera e Ballet

**MÉR 14 ÁS 18:15**

**LA VALQUIRIA**  
**The Royal Ballet & Opera**  
2025 | REINO UNIDO | 365' | ALEMÁN



Deuses e mortais enfróntanse no segundo capítulo do ciclo d'Ónel do nibelungo de Wagner. Nunha noite de treboada o destino une as vidas de dous descoñecidos, desencadeando unha paixón amorosa capaz de destruír mundos. Mentres tanto, no reino dos deuses, estase a librar unha batalla épica entre o rei Wotan e a súa desobediente filla Brunilda.

**ÓPERA EN DIRECTO**

Entradas 15€ | 12€ para membros da Filarmónica Ferrolana

**XOV 22 ÁS 20:15**

**BALLET TO BROADWAY**  
**The Royal Ballet & Opera**  
2025 | REINO UNIDO | 180'



Catro estupendas obras curtas que aúnan a sensualidade do ballet contemporáneo coa vitalidade do teatro musical: *Fool's Paradise*, *The Two of Us*, *Us*, *An American in Paris*, catro creacións que poñen de manifesto a asombrosa diversidade coreográfica de Christopher Wheeldon, socio artístico de The Royal Ballet.

**BALLET EN DIRECTO**

Entradas 15€ | 12€ para membros da Filarmónica Ferrolana

## DUPLEX Cinema

**Máis información en [duplexcinema.com](http://duplexcinema.com)**

Travesía Moreno 3, Ferrol  
[info@duplexcinema.com](mailto:info@duplexcinema.com) | 981 35 60 65

**De LUNS a DOMINGO**

**De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos**

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinale o contrario.

Facemos parte de:





## BIOGRAFÍA

# BIBIANO.

## CAMBIAR PARA SER UN MESMO

CARLOS REGO | EDITORIAL GALAXIA | 172 PÁX. | **23,80 €**

**MUSICALMENTE, OS ANOS 80 FORON CRUEIS CO PASADO INMEDIATO.**

As diferentes movidas (madrileña, viguesa, zamorana...) fixeron tábula rasa dos cantautores de guitarra de pau e desprezouse todo o anterior aos grupos de new wave e as caixas de ritmos. Pero nada empeza de cero e todo o mundo ten pais. Hai quen ignora que o primeiro líder de Golpes Bajos foi un comprometido cantautor antifranquista dos 70, o grande Bibiano Morón (1950-2016), un tipo único cuxa traxectoria vén de ser rescatado por un dos nosos mellores xornalistas musicais, Carlos Rego. Abeirado ao grupo da canción protesta galega, Voces Ceibes e a súa continuación (Benedito, Fuxan os Ventos, etc.), o compostelán Bibiano comezou en grupos de pop nos 60 e xa como cantautor comprometido publicou tres discos a finais dos 70. O seu degoiro de cambios levouno a crear varias iniciativas culturais e a formar bandas como Trenvigo, orixe de Golpes Bajos. Afastado dos escenarios, montou a sala viguesa Kremlin e se fixo promotor musical, traendo a músicos de todo tipo desde Madonna a Caetano Veloso. Co rigor, fondura e abondosa información gráfica que o adoita, Rego analiza a traxectoria camaleónica de Bibiano e crea un necesario artefacto para afondar na historia musical de noso máis descoñecida e insólita.

## NOVELA

# CONTA, SHEREZADE

SUSO DE TORO | EDICIÓN XERAIS | 288 PÁX. | **17,95 €**

A través dun antigo profesor dun taller de escritura, Luz propónse indagar no seu pasado familiar e ordenar o seu caótico presente. Partindo desta sinxela idea, Suso de Toro crea un xogo literario onde realidade e ficción se mesturan para investigar nos segredos familiares da protagonista desde a guerra civil ata hoxe. A habelencia de De Toro pespunta historia, literatura e realidade nunha novela que supón outro chanzo contundente na traxectoria última do escritor compostelán en amosar como o pasado sempre aboia e condiciona o noso presente.

## AUTOBIOGRAFÍA LITERARIA

# TINTA INVISIBLE

JAVIER PEÑA | BLACKIE BOOKS | 320 PÁX. | **22 €**

Autor do imprescindible podcast “Grandes infelices”, o escritor coruñaés Javier Peña une neste “Tinta invisible”, a súa terceira entrega, literatura e vida. Partindo dos últimos días do seu propio pai enfermo, e tras un tempo de falta de comunicación, Peña reflexiona acerca do que os uniu máis que ningunha outra cousa: os libros. Ao longo da súa narración biográfica, o escritor parte de anécdotas e historias de numerosos escritores para ilustrar o seu propio proceso vital. Como nas obras anteriores de Peña, un libro que une catarse persoal e percorrido literario.

## DELICIAS SONORAS



### LOS ETERNOS SAN ANTONIO

Como os bos viños, Los Eternos melloran cos anos. Despois de dúas décadas de existencia publican en Ferrer Records o seu sexto disco e primeiro en galego, este “San Antonio”. Trátase dunha homenaxe á desaparecida Arantza Navarrete quen fora letrista e moito máis da banda. Un total de dez cancións que están marcadas pola dor, a nostalgia, o recordo e a querencia pola terra e sobre todo o mar propio. Pezas de elegancia serena inzadas de variada instrumentación nesa mestura de rock americano e folk anglosaxón agora tinguido de azul e branco. Ademais da riqueza sonora (saxos, pianos, violíns...) destacan ilustres colaboracións como as da súa paisana Guadi Galego na fermosa “Mar dos balandros” ou de Óscar Avendaño no tema “O can”, música festiva para falar dun tema ben duro. O arrecendo a Dylan faise alquimia pura en “Meu ben”, espléndida versión de “Love minus zero/No limit” do mestre de Minnesota. Destaquemos asemade dos dez temas deste cancionero vibrante e coherente o fermoso deseño da cuberta a cargo de Fernando Ruibal como homenaxe a Arantza Navarrete.



### LOS MEJILLONES TIGRE ME GUSTÓ MÁS EL LIBRO

Chega a mediados deste mes en formato físico “Me gustó más el libro”, terceiro traballo da banda xienense Los Mejillones Tigre. Un disco que volve incidir no estilo do sexteto, cheo de ironía e humor intelixente e que no aspecto musical repite a súa querencia por unha mestura de cumbia, soul, psicodelia e garaxe. Unha fórmula que remite a referencias sesenteiras hispanas como Los Bravos ou Los Gritos. Despois dos estupendos “El fuego” e “Tropical y salvaje”, e do sinxelo “LSD”, chega este “Me gustó más el libro” que transita polo mesmo rego con hits potenciais como a soberbia “Mejor que tú”, unha irónica rexouba contra aqueles seres irritantes que se cren máis listos e enterados que os demais, ou “Tiene que ser”, máis soulera pero reflexiva na súa mensaxe de resistencia vital. Un traballo espléndido comezando pola cuberta, toda unha homenaxe ao “Forever Changes” de Love. Se non chega con escoitarse, en agosto Los Mejillones Tigre regresan po Felicia Pop, onde xa demostraron que ademais de boas cancións os seus directos son, máis que mero espectáculo, toda unha experiencia vital.



### IAN M. BAILEY LOST IN A SOUND

O británico Ian M Bailey é un veterano da escena do folk rock do norte de Inglaterra. Nos seus traballos hai referencias evidentes a Gene Clark e os Byrds, a C,S,N&Y, Jayhawks ou REM, entre outros. Os seus últimos catro discos, nos que colabora o que fora fundador dos Cosmic Rough Riders, o talentoso Daniel Wylie, son moi recomendables. E este “Lost in sound” que acaba de ser publicado está á altura dos anteriores. Pezas de paisaxes abertas propias do famoso Laurel Canyon californiano que remiten aos anos 70 enriquecidos por uns elegantes arranxos orquestrais. Así sucede no tema que abre o disco, a antibelicista “Rooks”, na fermosísima balada “I’ll be there to save you” ou na evocadora “White whale”. O traballo contén, entre outros, momentos tan arrebatadores como “Welcome to the desert”, cun aire a Blue Oyster Cult, así como “Never read the signs” ou “New years eve 2010” que soan a puro Gene Clark. Un artista este Bailey bastante descoñecido, en parte pola súa culpa xa que apenas dá concertos, pero que aumenta con este traballo unha carreira discográfica ata agora modélica.

## MAIO

### 03 sábado

#### TEATRO

19.30 h Teatro da Beneficencia. Ortigueira.

**GO HOME: DAVID AMOR E JOSITO PORTO**



#### INFANTIL

20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

**O DRAGÓN DE OURO**

#### MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**A PEDREIRA**

#### MÚSICA

23.30 h La Room. Ferrol.

**A PELO**

### 04 domingo

#### PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

**O CIRCO, DE CHARLES CHAPLIN**



### 08xoves

#### MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torre de Ballester. Ferrol.

**DEMO RUMUDO**

### 09venres

#### CINE

20.00 h Fundação Artábria. Ferrol.

**ONDE ESTÁ ZECA?, DE TIAGO PEREIRA**

#### TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

**BODAS DE SANGRE**



#### MÚSICA

23.30 h La Room. Ferrol.

**JAY DOE & THE BLUES PREACHERS**

### 10 sábado

#### MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

**SILVA PÉREZ CRUZ & SALVADOR SOBRAL**

#### MÚSICA

22.00 h Fundação Artábria. Ferrol.

**TANDUB**

### 11 domingo

#### INFANTIL

12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**CASTELAO**

#### INFANTIL

18.00 h Centro Comunitario Manuela Pérez Sequeiros. Narón.

**CASTELAO, UN CORAZÓN Á INTEMPERIE**



### 15xoves

#### MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.


**ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**

### 16venres

#### TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**CANCIÓNS AMARELAS, FLORES TRISTES**



### 17 sábado

#### INFANTIL

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

**A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES**



#### MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**MILLADOIRO**

#### MÚSICA

22.00 h Fundação Artábria. Ferrol.

**HUGO GUEZETA**



#### MÚSICA

23.00 h Sala Guión. Pontevedra.


**LERIA**

### 18 domingo

#### MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**ROSA CEDRÓN**




### 19 luns

#### PINT OF SCIENCE

19.00 h Café bar Cuerda Floja. Ferrol.

**INGENIERÍA Y LENGUAJE: CIENCIA APLICADA A LAS PERSONAS**

**20 martes****PINT OF SCIENCE****19.00 h** Monique Coffee. Ferrol.**MÁS ALLÁ DEL PLÁSTICO:  
FABRICACIÓN AVANZADA  
Y SOSTENIBILIDAD****21 miércoles****PINT OF SCIENCE****19.00 h** Café Kiwi. Ferrol.**DEL PASADO AL  
PRESENTE DEL PLANETA  
A TRAVÉS DEL AGUA****23 viernes****TEATRO****20.30 h** Pazo da Cultura.  
Narón.**HELEN KELLER, A  
MULLER MARABILLA?****CINECONCERTO****20.30 h** Teatro Jofre. Ferrol.**EL GABINETE DEL  
DOCTOR CALIGARI****MÚSICA****21.30 h** Fundação Artábria.  
Ferrol.**LUÍZGA + SUSANA  
TRAVASSOS****24 sábado****PRESENTACIÓN LIBRO****12.30 h** Fundação Artábria.  
Ferrol.**A HISTORIA DA LUZ.  
BREVE BIOGRAFÍA  
POLÍTICA E CONVERSA  
CON LUZ FANDINO****DOCUMENTAL****22.00 h** Fundação Artábria.  
Ferrol.**INFILTRATS****TEATRO****20.00 h** Pazo da Cultura.  
Narón.**HELEN KELLER, A MULLER  
MARABILLA?****MÚSICA****23.30 h** Sala La Room. Ferrol.**UKESTRA DO MEDIO****25 domingo****MÚSICA****19.00 h** Auditorio. Ferrol.**ABRAHAM CUPEIRO****28 miércoles****CINE****20.30 h** Centro Cultural Torrente  
Ballester. Ferrol.**CARA CORTADA****30 viernes****MÚSICA****20.30 h** Auditorio. Ferrol.**REAL FILHARMÓNIA DE  
GALICIA****MÚSICA****23.30 h** Sala La Room. Ferrol.**ROCKERS GO TO HELL****31 sábado****MÚSICA****20.30 h** Teatro Jofre. Ferrol.**LOLITA FLORES****MÚSICA****23.00 h** Sala Guión.  
Pontedeume.**AIRU****ai****Nº 203  
ANO XVIII****EDITA:****ee** | edicións **embora**  
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

**f** @Aí**DIRECTOR:**

Miguel Toval

**DESEÑO/MAQUETA:**

Jose A. Farinós

**REDACIÓN Y COLABORADORES:**Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás  
Vidal, Kiko Delgado**DEPÓSITO LEGAL:**

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.




A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

# Provincia da Coruña

*... seguramente, a mellor opción*

